

XANEIRO		
1	luns	Xornada mundial da paz
14	domingo	Xornada das migracións
18-25	octavario	Oración pola Unidade dos cristiáns
20	sábado	Oración do bispo cos xóvenes. Mondoñedo
28	domingo	Xornada Infancia misioneira
FEBREIRO		
2	venres	Xornada da Vida consagrada
11	domingo	Campaña de "Mans Unidas" / Xornada mundial do enfermo
17	sábado	Oración do bispo cos xóvenes. Mondoñedo
MARZO		
1	xoves	San Rosendo
10	sábado	Festa da Misericordia. Mondoñedo
17	sábado	Oración do bispo cos xóvenes. Mondoñedo
18/19	dom./luns	Día do Seminario
29-31	xov.- sáb.	Pascua misioneira diocesana
ABRIL		
7	sábado	Oración do bispo cos xóvenes. Mondoñedo
9	luns	Xornada Pro vida
22	domingo	Xornada mundial de oración polas vocacións
21	sábado	Encontro diocesano de Pascua
MAIO		
6	domingo	Pascua do Enfermo
13	domingo	Xornada mundial da comunicacións sociais
19	domingo	Vixilia de Pentecoste
20	domingo	Día da A.C. e do Apostolado segrar (Pentecoste)
27	domingo	Xornada "Pro orantibus" (Trindade)
XUÑO		
3	domingo	Día da caridade (Corpus Christi)
16	sábado	Oración do bispo cos xóvenes. Mondoñedo
XULLO		
1	domingo	Xornada de responsabilidade no tráfico
20-29	venr.- dom.	Campamento diocesano

Ano Santo Teresiano en Ávila e Ano Xubilar en Covadonga (Asturias)

DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

"A alegría do Evanxeo"

Plan Diocesano para a Misión

2016-2020



Documento marco: Exhortación Apostólica do papa Francisco "Evangelii gaudium" (EG). Documentos complementarios: Carta Encíclica "Laudato si'" (LS) e a Exhortación Apostólica "Amoris Laetitia" (AL).

Obxectivo xeral:

A transformación misioneira da nosa Igrexa diocesana de Mondoñedo-Ferrol, en comunión coa Igrexa Universal e en estado permanente de misión (cf EG cap. I y II).

Curso pastoral 2017-2018

A nosa misión en conversión (cf EG 25-33)

"A reforma de estruturas que esixe a conversión pastoral só pode entenderse neste sentido: procurar que todas elas se volvan máis misioneras, que a pastoral ordinaria en todas as súas instancias sexa máis expansiva e aberta, que coloque aos axentes pastorais en constante actitude de saída e favoreza así a resposta positiva de todos aqueles a quen Xesús convoca á súa amizade" (EG 27).

Obxectivo xeral:

Responder persoalmente e desde as nosas estruturas pastorais á chamada evanxélica e eclesial á conversión misioneira.

Obxectivo específico 1:

Cultivar o espírito de oración e celebración da fe que nos vaia transformando interiormente no encontro co Señor.

Accións:

- Ofrecer momentos de oración e fomentar o silencio, a contemplación e adoración nas nosas comunidades parroquiais.
- Convocar a encontros de oración, retiros e exercicios espirituais, especialmente no advento, a coresma e a pascua, nas unidades de pastoral, nos arceprestados e na diocese.
- Coidar a celebración litúrxica, particularmente a eucaristía, preparando a homilía, evitando a rutina e as présas, etc., para penetrar na riqueza transformadora do Misterio que se celebra.

Obxectivo específico 2:

Espertar e avivar a nosa condición de “discípulos misioneiros”, abertos ao Espírito do Señor que nos transforma e fortalece na misión.

Accións:

- Promover o coñecemento, a escoita contemplativa e o estudo da Palabra de Deus, a través do primeiro anuncio, a catequese e a formación sistemática e ocasional nas nosas comunidades parroquiais, grupos ou asociacións, unidades pastorais e arceprestados.
- Tomar conciencia da realidade social inmediatea na que estamos inmersos (parroquia, barrio, mundo rural e mariñeiro, cidade, marxinados, etc.), maioritariamente indiferente e afastada de Deus, e necesitada do evanxeo do Reino.
- “Abrir as portas” das nosas comunidades e grupos para acoller e integrar; dispoñerse a “saír” e testemuñar desde o corazón do evanxeo; reformular desde a misión as nosas estruturas parroquiais e diocesanas e os nosos métodos pastorais para ser máis eficaces.

- Seguir avanzando no deseño e a constitución de novas unidades pastorais en clave misioneira, estimulando a dispoñibilidade dos pastores, a participación dos consagrados e a implicación dos laicos.

Obxectivo específico 3:

Organizar e pór en marcha as Vigairías de Evanxelización e de Misión samaritana e misericordiosa coas súas respectivas comisións permanentes, delegacións, movementos e asociacións para levar a cabo nos seus ámbitos correspondentes a acción misioneira e evanxelizadora.

Axenda pastoral diocesana 2017 - 2018

SETEMBRO		
5	martes	Toma de posesión dos cargos da Curia diocesana
6-8	mar-venr.	Xornadas de Teoloxía. Santiago de Compostela
11-13	luns-mérc.	Formación do Clero. Poio
14	xoves	Reunión Vicaría de Evanxelización. Vilalba
15	venres	Reunión Vicaría de Misión misericordiosa e sam. Vilalba
23/24	sáb./dom.	Xornada Mundial do coidado da Creación
27	mércores	Asemblea do Clero. Mondoñedo
OUTUBRO		
5	xoves	Xornada do Domund. Ferrol
14	sábado	Oración do bispo cos xóvenes. Mondoñedo
19	xoves	Dedicación da Catedral. Mondoñedo
22	domingo	Xornada do Domund
28	sábado	Asemblea diocesana. Mondoñedo
NOVEMBRO		
12	domingo	Día da Igrexa diocesana
19	domingo	Xornada mundial dos pobres
25	sábado	Oración do bispo cos xóvenes. Sta. Catalina. Mondoñedo
DECEMBRO		
7	xoves	Vixilia da Inmaculada
16	sábado	Oración do bispo cos xóvenes. Mondoñedo
30	sábado	Encontro de familias. Mondoñedo
31	domingo	Eucaristía coas familias. Ferrol